



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.15702santiago.com/)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com



ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2022.

Na Cidade de Santiago de Compostela, sendo as Dez horas do día Vinte e un de Maio do ano dous mil vinte e dous, baixo a presidencia de D. Gonzalo Liñares Sixto, presidente da Federación Colombófila Galega e actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, reúnese de forma telemática a Xunta Directiva, asistindo os membros que a continuación se relacionan:

Asistentes:

Presidente:	D. Gonzalo Liñares Sixto
Secretario:	D. Manuel Rey San Luis
Tesoureiro:	D. José R. Costas Carbajal
Vicepresidente 1º:	D. Daniel Rodríguez Dopazo
Vogal:	D. David Rodríguez Romero
Vogal:	D. Pedro Becerra González
Vogal:	D. Enrique Freire Sobral
Vogal:	D. Javier Fernández Pena

Reúnese a Xunta Directiva co único punto da **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior***
- 2.- coñecemento e aprobación (se procede) das enmendas a realizar no calendario e regulamento electorais***

Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario a acta da sesión anterior de data 25 de Setembro de 2021, sendo aprobada por unanimidade polos membros asistentes.

Segundo- COÑECEMENTO E APROBACION SE PROCEDE DAS ENMENDAS A REALIZAR NO CALENDARIO E REGULAMENTO ELCTORAIS.

Retoma a palabra o Sr. Secretario para poñer en coñecemento dos membros asistentes que o pasado día 19 de Maio recibiu notificación por parte da Secretaría



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcdgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com



Xeral para o Deporte as enmendas que hai que realizar tanto no regulamento como no calendario electorais, sendo estas enmendas as seguintes:

Respecto ás mesas o seguinte:

- 1º Falta o horario de apertura das mesas electorais.
- 2º Falta onde votan os electores da provincia de OURENSE.
- 3º Deberá facerse un censo electoral por cada mesa electoral de xeito que ningún elector poida estra en dous censos.
- 4º Os electores da ESTRADA teñen que votar en Pontevedra.

Engadir o novo ANEXO II.-

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE VOTO POR CORRESPONDENCIA "DE200A".

(Este formulario atópase como Anexo II no "DECRETO 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, incluído." publicado no DOG n.º 249 do 29 de decembro de 2021; páx. 64470-64471.)

CALENDARIO ELECTORAL ESTIMADO.

-Débese modificar coas indicacións do anexo que se achega.

ACORDOS ADOPTADOS NESTA REUNIÓN:

Respeto das enmendas a realizar correspondentes ás mesas electorais:

En relación ao punto 1º, unha vez revisado o Regulamento Electoral enviado á Secretaria Xeral para o Deporte con data 26 de Abril, pñer no seu coñecemento que a hora de apertura das mesas electorais xa estaban descritas, simplemente ratificar que o horario de apertura e peche das mesmas será de 17:00 a 22:00 horas.

En relación ao punto 2º, aprobase que os electores da provincia de Ourense votarán na mesa electoral de Lugo.

En relación ao punto 3º, aprobase a confección de censos electorais por cada mesa electoral. En canto a este punto aprobase tamén a constitución doutra mesa electoral na provincia de A Coruña co fin de facilitar á votación aos socios dos



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcdgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com



clubes C.C.Herculino e C.C.Mensaxeiras de Cambre sen ter que desplazarse hasta Narón para exercer o voto.

En relación ao punto 4º, queda aprobado que os socios do Concello de A Estrada teñan que votar na mesa electoral de Pontevedra.

Aprobase a inclusión do Anexo II no Regulamento Electoral xa que no anteriormente enviado á Secretaría Xeral para o Deporte non estaba incluído.

En canto ao Calendario Electoral aprobase a rectificación sinalada pola Secretaría Xeral para o Deporte que sería a modificación das datas 26 e 31 de Agosto polas datas 2 e 7 de Setembro respectivamente.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as Once horas e corenta minutos do día da data.

Asdo: Gonzalo Liñares Sixto
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-